



Recordatorio de deberes legais ao concello de A Veiga de que a Administración ten a obriga de contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, as solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación

Expediente: L.4.Q/4008/23

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2023

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don XXX con DNI XXX

ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos esencialmente que ten solicitado diante dese concello a exención do IBI tanto urbano coma rural en base ao publicado no BOP número 71 do ano 2003 e que non se ten recibido resposta.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu sinalando na mesma o seguinte:

"(..) A Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis vixente é a publicada no BOP de Ourense Nº 272 de data 27 de novembro de 2017, cuio texto respecto de Exencións é o seguinte :

"Artículo 4º.- Exenciones

- 1. Son exenciones directas de aplicación de oficio las comprendidas en el artículo 63, apartado 1, de la Ley 39/1988.*
- 2. Son exenciones directas de carácter rogado las comprendidas en el artículo 63 apartado 2, letras a), b), e) y c) de la Ley 39/1988.*
- 3. Estarán, al mismo tiempo, exentos:*

- a) *Los bienes inmuebles de naturaleza urbana que tengan una cuota líquida inferior a 03,00 €.*

- b) *Los bienes inmuebles de naturaleza rústica, en caso de que, para cada sujeto pasivo, la cuota líquida correspondiente a la totalidad de los bienes rústicos poseídos en el término municipal sea inferior a 03,00 €. (..)”*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. No informe do concello indícase que a Ordenanza alegada polo interesado na súa solicitude non está xa en vigor. Foi substituída pola publicada o día 27 de novembro de 2017 e, xa que logo, mudaron tamén as posibles exencións estando neste momento vixentes as que figuran transcritas no informe municipal.

Pola súa parte, nada se expón respecto á non resposta á solicitude presentada polo interesado en data 02/11/2022 no rexistro electrónico dese concello e á presentada no rexistro da Deputación de Ourense, tamén en novembro de 2022, dirixida ao concello de A Veiga.

SEGUNDO. Cómpre lembrar que si a persoa interesada utiliza o dereito de petición ante o concello, este ten a obriga de acusar recibo de cada petición que presente comunicándollo dentro dos dez días seguintes á súa recepción. No caso de que proceda a declaración de inadmisibilidade do pedido, tal decisión será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse á persoa peticionaria nos corenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Si o concello considera que o contido dalgún escrito presentado non atopa encaixe no dereito de petición, entón a declaración de inadmisión da petición deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba substanciarse. Nestes casos os escritos serán tramitados, en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 972015).



CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Na tramitación dos expedientes a Administración deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, as solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos no Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

PS (art.8 Lei 6/1984)
María Xosé Porteiro García
Adxunta á Valedora do Pobo